



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE XUÑO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do doce de xuño de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 10 DE ABRIL DE 2017. ADOPCIÓN DE ACORDO.

De seguido, polo Sr. Alcalde, preguntase ós asistentes si teñen algunha observación que

formular ao borrador da acta da sesión anterior de data 10 de abril de 2017.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade dos membros da Corporación asistentes á sesión a acta da devandita sesión anterior.

2º) (EXPEDIENTE: 298/2017) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno de 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación de unha Central de Contratación ao abeiro do previsto na Disposición Adicional Quinta de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, así como nos artigos 203 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante, TRLCSP).



Estas centrais de contratación (art. 203.2 TRLCSP) poderán actuar adquirindo subministros servizos para outros órganos de contratación, ou adxudicando contratos ou celebrando acordos marco para a realización de obras, subministros ou servizos destinados aos mesmos. Mediante os correspondentes acordos, as Entidades Locais poderán adherirse a sistemas de adquisición centralizada de outras Comunidades Autónomas ou Entidades Locais (art. 205.2 TRLCSP).

A Central de Contratación da FEMP configúrase como un instrumento que permite a tramitación e/ou adxudicación das prestacións de outros poderes adxudicadores, neste caso as entidades locais asociadas, dando aplicación aos principios de simplificación administrativa, facilitando os procesos de contratación e posibilitando, mediante a aplicación das denominadas economías de escala e a estandarización de obras, servizos e subministros, o logro de condicións económicas máis favorables na contratación dos mesmos, coa conseguinte redución do gasto público (acceso a subministros e servizos a prezo máis competitivo; expedientes de contratación abreviados coa adhesión aos acordo marco que celebre a FEMP; aforro en tempo e gastos de publicidade na contratación).

A adhesión do Concello de Xove ao sistema centralizado de contratación ten que ser expresa e non supón, en ningún caso, a obriga de efectuar todas as contratacións a través da Central de Contratación, podendo optar por utilizar este sistema para todos os bens, servizos e subministros establecidos ou só para un ou varios deles. A central proporciona ás entidades locais adheridas os elementos necesarios para que efectúen as contratacións, elaborando os pregos rectores da contratación e xestionando administrativamente os diferentes contratos ou acordos marco.

O Concello de Xove está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 205 do TRLCSP e sendo de interese para este Concello a utilización da Central de Contratación da FEMP, elévase ao Concello Pleno a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministros que oferte a citada central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove para que no nome e representación desta Corporación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo e por elo, a adhesión aos distintos acordos marco de contratación que a Central de Contratación da FEMP saque a licitación e sexan de interese para este Concello de Xove.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícase o contido da súa proposta, salientando que se fará uso de dita plataforma de contratación para acadar mellores prezos en determinadas tarifas de subministro de enerxía eléctrica.



Polo Sr. López Hermida manifestase que o BNG vai votar en contra da proposta por considerar que se trata dunha plataforma de contratación de carácter estatal na que apenas participan empresas galegas.

Polo Sr. Alcalde sinalase que o obxectivo é acadar os mellores prezos e lembra que a FEGAMP está integrada na FEMP.

Rematado o debate, o concello Pleno co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López; Meitin Guerreiro, Balseiro López, Iglesias Guerreiro e Meitin Rouco, e co voto en contra dos Sres/Sras. López Hermida, López López, Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda aprobar a proposta do epígrafe anteriormente transcrita.

3º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DO LÍMITE DE DÉBEDA DURANTE O 1º TRIMESTRE DE 2017. DAR CONTA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta á Corporación do informe do epígrafe, elaborado pola Intervención Municipal.

O Concello Pleno dáse por enterado.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CREACIÓN DUN CENTRO DE DÍA . ADOPCIÓN DE ACORDO.

Pola Concelleira do BNG, D^a M^a Luísa Pernas Quelle dáse lectura e explicase a moción do epígrafe que a seguir se transcribe na súa integridade.

Dna. María Luísa Pernas Quelle, concelleira-viceportavoz do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE DÍA

Á vista do censo do Concello de Xove, pódese observar que, como na maioría dos municipios rurais do país, atopámonos cunha porcentaxe importante da poboación avellentada, superando amplamente o 50%.

É certo que son varias as políticas desta Administración local de cara aos nosos maiores, e mesmo algunha na liña das súas preocupacións; sen embargo, bótanse en falta políticas e medidas que vaian máis alá e busquen o benestar, asistencia e vixilancia que merecen.

Tendo en conta que, no que se refire á infancia, este Concello ten cubertas as necesidades básicas imprescindibles desa primeira etapa a través da Escola Infantil; no que se refire á atención da poboación de máis idade existe unha lagoa obxectiva, pois non temos ningunha institución ou servizo que supla de modo pleno tanto as súas necesidades como as das persoas que coidan os seus familiares de xeito habitual, e que, lembremos, tamén alcanzan en moitos casos idades avanzadas.

Pese a existir no Concello un lugar denominado incorrectamente "centro de día", todos sabemos que en realidade non cobre as necesidades que unha institución desta natureza debería satisfacer. O que se pretende con esta iniciativa é que iso vaia máis aló, que non sexa só un local ao que os nosos maiores vaian botar a partida e ler a prensa como en moitos outros centros sociais, senón que ofrezca uns coidados desde unha perspectiva multidisciplinar e multifuncional, prestados de modo profesional por persoal especializado cunhas competencias e coñecementos precisos.



Esta é unha cuestión de xustiza cara aos nosos maiores e unha alternativa adecuada para o aumento da calidade de vida do núcleo familiar onde conviven, ofrecendo apoio institucional á familia coidadora e, ao mesmo tempo, equiparándonos a outras localidades que xa desenvolven este servizo.

Desde o Grupo Municipal Nacionalista cremos que os orzamentos que se propoñen ano tras ano non fan referencia ningunha a unha actuación tan necesaria como a aquí exposta, e polo tanto, pedimos do Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

A creación dun CENTRO DE DÍA con atención especializada cunha finalidade preventiva e rehabilitadora, cunha oferta de actividades e coidados para conseguir manter o nivel de autonomía das persoas sen afastalas do seu entorno habitual, e ofrecendo un apoio profesional aos coidadores principais.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que antes de entrar no debate do fondo da petición é necesario deixar claro que non se pode solicitar a creación dun novo servizo inventándose datos que non se axustan á realidade, xa que a poboación envellecida do Concello de Xove non acadará o 50% da súa poboación como dín o BNG na súa moción, xa que dos datos reflectidos no vixente Padrón municipal de habitantes, a data de hoxe, a poboación de máis de 65 anos de Xove non supón nin o 25% da súa poboación total.

Engade o Sr. Alcalde que o dato anterior ten unha importancia decisiva como o demostra o feito de que durante o goberno da Xunta no ano 2005 o consorcio de Servizos Sociais xestionado polo BNG rexeitou a creación dun centro de día en Xove por considerar que non era prioritario crear ese tipo de servizo nun dos concellos menos avellentados de toda a provincia de Lugo.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde poñendo de manifesto que como xa se falou noutras ocasións e como polo tanto coñece o BNG, a vixente Lei de Racionalización e Sostibilidade das

Administracións Locais prohibe expresamente a creación de novos servizos en áreas que non sexa competencia propia dos concellos e ademáis coa taxa de reposición de efectivos que anualmente se aproba coa Lei de Presupostos, sería imposible legalmente contratar ó persoal necesario para a posta en marcha do servizo; cousa que está pasando noutros concellos limítrofes da Mariña que non poden por en funcionamento servizos como as residencias de maiores construídas.

Polo Sr. López López protéstase polo tono descalificador utilizado polo Sr. Alcalde na súa intervención, sinalando que o BNG non se inventa nada, xa que os seus datos foron obtidos de documentación oficial.

Polo Sr. López Hermida manifestase que non ten sentido debater este asunto xa que o Grupo de Goberno como xa ben sendo habitual, cando se presenta unha iniciativa por parte do BNG, intenta rexeitala utilizando excusas legais, procedementais, ou de calquera clase, propoñendo que o asunto se someta a votación, e que despois cada grupo explique os veciños de Xove as razóns da súa postura.

Rematado o debate, o concello Pleno co voto en contra dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López; Meitin Guerreiro, Balseiro López, Iglesias Guerreiro e Meitin Rouco, e co voto favorable dos Sres/Sras. López Hermida, López López, Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda rexeitar a aprobación da moción anteriormente transcrita.



5º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º)) ROGO DO BNG SOBRE O ESTADO DA PISTA “A COSTA GRANDE”

Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o rogo que segue:

A pista que discorre dende Vilachá ata Portocelo, coñecida como “A costa Grande” ou “Medorra”, cómpre pasarlle a autoniveladora polas zonas onde a herba medra polo medio dela para nivelar a superficie e para reparar un pouco as cunetas.

Polo Sr. Alcalde contestase que ditos traballos xa foron executados.

2º) ROGO DO BNG SOBRE A RETIRADA DA VÍA PÚBLICA DE ALPACAS DE BIOMASA

Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a pregunta e rogo que seguen:

Ten constancia esta corporación que no tramo da ruta costeira ao seu paso por Vilachá, concretamente no lugar onde a pista se bifurca para levarnos ao Meitón ou á Punta da Mansa, hai almacenadas centos de alpacas de biomasa desde hai polo menos dous anos? Se é así, rogamos que se inste á empresa madeireira propietaria a que as retire inmediatamente por estar ocupando vía pública, xa que pasados dous anos, máis ca vía pública o que parece é unha zona de almacenaxe particular. Lembro ademais, que non é unha pista calquera, é un tramo do coñecido “roteiro costeiro”, do que no anterior pleno se dixo que había que coidar e mantelo en boas condicións.

Polo Sr. Alcalde contestase que se están retirando as alpacas y en breve prazo rematarán os traballos de limpeza.

Engade o Sr. Alcalde que o problema xurdiu pola negativa da planta de ENCE en Navia a comprar Biomasa; problema que se solucionou pola empresa de Celeiro encargada da recollida, coa compra das instalacións de Prebetong en Cervo para acopiar dita biomasa.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, levántase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo

FIRMA DIXITAL Ó MARXE